

Tamara CANOSA Mónica GARCÍA Guillermo CARBAJO

Un espectáculo 100% ecológico

MOITO CONTO

Dirixido por Alex Sampayo sobre un conto dos irmáns Grimm



SINOPSE

Pepiño e Manola están a piques de vivir un gran desafío. Enganados pola súa madrastra acabarán perdidos no bosque e vivirán unha aventura que os cambiará para sempre: os nenos terán nas súas mans o destino dos contos e dos sonhos e terán que salvalo convertendo o que consideraban defectos en virtudes.

O PROXECTO

"Moito Conto" é unha **comedia musical** dirixida a un público familiar a partir dos seis anos. É un espectáculo que pode sentar ao neno, ao pai e ao avó nas mesmas butacas facendo as ledicias dos tres.

Seguindo a estrutura de "**Hansel e Gretel**", unha historia que provén da tradición popular Centroeuropea, baséase na reformulación dos contos que todos coñecemos pretendendo **estimular a creatividade** dos máis pequenos e chegar ós recordos dos maiores.

Trátase de contar con contos. De conxugar diferentes mensaxes e romper cos esquemas e prexuízos preconcebidos. Queremos transmitir ós cativos a importancia de estar abertos a imaxinar. Amosarlles que os contos continúan despois de ser contados e que eles mesmos son unha parte fundamental das historias, porque para a imaxinación non existen barreiras.

Redrum Producciones propón aos nenos e nenas reinventar os contos tradicionais e invita aos maiores a volver a ser nenos durante o espectáculo.

UN ESPECTÁCULO ECOLÓXICO

A mensaxe ecolóxica forma parte dun **compromiso social** ao que hoxe xa se sumaron as administracións públicas e os axentes privados. Trátase dun traballo conxunto no que o teatro pode achegar unha moi alta capacidade de transmisión. Transmisión dunha mensaxe e a evidencia dun compromiso.

Por iso, desenvolvemos un proxecto cunha **filosofía medioambiental** clara. Trátase de sensibilizar e de aportar coñecementos prácticos, de explicar porque é tan importante reciclar, facer un uso responsable da auga e da enerxía. Pero tamén explicar como facelo. Como se separa o lixo ou como, con pequenas eleccións e decisións na vida cotiá podemos entre todos aforrar ao planeta unha gran cantidade de contaminación.

Esta mensaxe ecolóxica está inserida en todo o espectáculo dende diferentes ópticas. Ademais de estar implícita no texto e nas cancións de "Moito Conto", as difundimos a través de **unidades didácticas** que poñemos a disposición dos concellos para que as fagan chegar aos colexios e institutos. De esta forma os rapaces poderán traballar antes e despois de asistir ó espectáculo.


A escenografía e o atrezzo de "**Moito Conto**" están construídos con **materias 100% reciclados** ou reciclables, o obxectivo é explicar que non é imprescindible contaminar para conseguir unha determinada calidade. Que os materiais reciclados non teñen porque parecelo, non son máis feos ou peores. O planeta precisa que demos as cousas unha segunda vida.

Un espectáculo teatral consume unha enorme cantidade de enerxía para iluminar o escenario. Co aforro enerxético non só axudamos ós nosos petos, senón que reducimos o noso impacto ambiental considerablemente. Queremos amosar que a **iluminación con LED** é unha alternativa viable, ecolóxica, eficiente e estética nas artes escénicas, podendo iniciar con esta función un novo camiño na concepción das postas en escena. Sentar as bases dunha iluminación teatral que consume un **90% menos de enerxía**.

MÓNICA GARCÍA

Coñecida polo gran público polo seu traballo en "**Pratos Combinados**", onde interpretaba a camareira do Bar Suízo. Sobre as táboas vívola en proxectos de "**Chévere**", "**Teatro do Noroeste**", "**A Factoría Teatro**", "**CDG**" ou "**CDN**", e foi premiada en tres ocasións co premio "**María Casares**" de teatro.

Mónica será a **Madrasta** e a malvada **Froiteira**. Dúas personaxes que poderían ser a mesma persoa. A madrasta non cala, actúa por arroutadas e móvese por espasmos. Para ela abandonar a Pepiño e Manola é unha decisión que non lle custa ningún traballo. A froiteira escoita e manipula, penetra coa mirada e engaiola coa sinuosidade do seu corpo. Representa o autocontrol, as boas formas, a educación pero tamén a obsesión, as ansias de poder, a manipulación e a destrución.



GUILLERMO CARBAJO

De seguro que a cara deste rapaz lles é familiar. E é que dende cativo colábase nas nosas casas para interpretar a Roi, o fillo do avogado de "**Pratos Combinados**". Máis tarde traballou noutras series como "**Valderrei**" e "**Matalobos**" para a TVG, ou "**El Internado**" de Antena 3.

Guillermo será **Pepiño**, o noso Hansel, un Peter Pan diferente. Un que quere crecer máis. Sempre riron del por ser moi pequeno e agora ten a teima de tentar estricar para medrar uns centímetros máis. Pasa o día inventando a súa idade e querendo falar coma os adultos. Pero non deixa de ser un neno e nesta aventura descubrirá o marabilloso de selo aceptándose tal como é.



TAMARA CANOSA

Moza pero cunha ampla experiencia como actriz, comezou moi nova poñéndose na pel de Laura na serie "**Mareas Vivas**". Foi galardonada cun premio "**Mestre Mateo**" polo seu papel protagonista na película "**Pradolongo**". Destacan tamén os seus traballos en películas como "**O Espello**", "**Días Azuis**" ou na serie "**Valderrei**".

Tamara será **Manola**, a irmá de Pepiño, unha rapaza que fala compulsivamente, inxenua e divertida. É incapaz de centrarse e estar atenta nin cinco minutos, pero terá que aprender a xestionar a súa enerxía e a escoitar. Manola descubrirá o importante de pensar antes de actuar e o valor do traballo en equipo.



O DIRECTOR

Alex Sampayo é un director que ós seus trinta anos leva unha década vinculado ó sector da dirección. Entre os seus traballos destacan as exitosas series de televisión "**El Internado**" emitida por Antena 3 ou "**Padre Casares**", "**Terra de Miranda**" e "**Valderrei**" emitidas pola TVG. Menos coñecidas para o público, pero mundialmente premiadas, foron as súas curtamentaxes "**Alzheimer**", "**A Boa Caligrafía**" ou "**Un Día Normal**".

Hai case dous anos fixo a súa primeira incursión no teatro como novo creador, escribindo e levando a escena, a adaptación dun guión cinematográfico da súa propia autoría, "**A Pensión**".

A COMPAÑÍA

Redrum Producciones é unha compañía de teatro creada no 2009 por mozos procedentes de diversos campos do sector audiovisual e que nace coa clara intención de ofrecer alternativas creativas que axuden ó desenvolvemento da industria teatral galega.

Redrum aposta por conxugar grandes valores da nosa escena con novos creadores cunha visión innovadora. Entre as máximas da compañía está a posta en escena de espectáculos dirixidos cara o público, primando a claridade nas historias e sen esquecer un coidado concepto artístico.

A súa primeira montaxe "**A Pensión**", protagonizada por Rosa Álvarez foi un **éxito de público e crítica**.

FICHA ARTÍSTICA

Pepiño	Guillermo Carbajo
Manola	Tamara Canosa
Madrastra e Froiteira	Mónica García

FICHA TÉCNICA

Dirección	Alex Sampayo
Dramaturxia	Alex Sampayo
	Tamara Canosa
	Guillermo Carbajo
Música	Manuel Riveiro
Escenografía	Redrum Producciones e Escenaset
Iluminación	Carlos Álvarez-Ossorio
Fotografía Cartel	Tacho Jiménez
Xefa de Producción	Mara González
Producción e Distribución	Redrum Producciones

Duración aproximada **50 minutos**
Estrea **14 de maio de 2011** no Salón Teatro de Santiago de Compostela

CONTACTO

Redrum Producciones
CIF B70281894
C/ Dublín, 10 P1 2ºE
15707 Santiago de Compostela

617.334.627 // 663.860.449

Un espectáculo de Redrum Producciones coa colaboración de Sogama